

INFORME de legalidade sobre o proxecto de Orde pola que se habilitan determinados colectivos de persoal empregado público desta consellería para o uso do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, en relación ao **“Proxecto de Orde pola que se habilitan determinados colectivos de persoal empregado público desta consellería para o uso do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega”**, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, prevé no artigo 43 a posibilidade de que a firma electrónica do persoal ao servizo das Administracións Públicas poida referirse, por razóns de seguridade pública, ao número de identificación profesional do/a empregado/a público/a.

Así mesmo, a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece no seu artigo 71 a obriga da Administración de dotar o seu persoal dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. No artigo 73 da dita lei prevé a posibilidade da emisión de certificados dixitais de pseudónimo en actuacións administrativas que, realizadas por medios electrónicos, afecten á información clasificada, á seguridade pública ou á defensa nacional, ou noutras actuacións en que legalmente estea xustificado o anonimato para a súa realización.

De conformidade co exposto, a Resolución do 13 de abril de 2020, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se regula a emisión do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega, establece o procedemento de emisión e o uso do certificado dixital de pseudónimo para o persoal empregado público, sen prexuízo da habilitación regulamentaria de determinados colectivos para o seu emprego, tal e como se dispón no artigo 73.4 da citada Lei 4/2019, do 17 de xullo.

O certificado dixital de pseudónimo será empregado exclusivamente para asinar os informes, actas ou documentos análogos elaborados no exercicio das funcións de autoridade pública, inspección, vixilancia ou control da Administración pública, ou no desempeño daquelas outras funcións en que resulte necesario preservar a identidade persoal do empregado/a público por concorreren circunstancias ou feitos que aconsellen adoptar esta medida. A emisión do certificado dixital de pseudónimo responde así á necesidade de garantir o axeitado desenvolvemento das ditas funcións evitando eventuais inxerencias no ámbito persoal do persoal empregado público.

A Consellería de Política Social é o órgano superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que asume o exercicio das competencias en materia de asistencia social de conformidade co Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. A través da presente orde, dentro



do dito marco competencial, habilitase a determinado persoal desta consellería que, polo exercicio das súas funcións require do uso do dito certificado dixital de pseudónimo.

2. Necesidade e oportunidade

No ámbito competencial da asistencia social, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 72.2 que o persoal inspector de servizos sociais desempeña no exercicio das súas funcións a condición de autoridade pública. Así mesmo, no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, no seu artigo 41.1 establece que o persoal inspector, no exercicio das súas funcións, ten a condición de autoridade pública. Asemade o número 5 deste mesmo artigo sinala que o persoal inspector poderá recibir o apoio doutro persoal técnico especializado nas áreas de actuación nas que desenvolva as súas funcións.

No exercicio das funcións de inspección, vixilancia e control, a emisión de propostas de actuación ou de sanción conforme á normativa aplicable que realiza o persoal inspector e co apoio do persoal técnico especializado afecta, por unha banda á protección das persoas usuarias do sistema de servizos sociais, moitas delas en situación de vulnerabilidade, e aos intereses das entidades que prestan servizos sociais, con frecuencia cunha considerable repercusión pública. Coa finalidade de garantir a seguridade deste persoal e o exercicio das súas funcións sen inxerencias indebidas para o bo fin do procedemento é recomendable que poidan emitir determinados documentos tales como actas e informes sen que consten os seus datos persoais identificativos, sen prexuízo de que a persoa interesada poida, ao abeiro da normativa aplicable, solicitar a súa identificación cando proceda se fose necesario para garantir os seus dereitos no procedemento.

Por outra banda, no marco dos servizos sociais e no ámbito da protección da familia, os menores e a infancia, tendo en conta a normativa de referencia e, de xeito específico a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, o sistema de protección de menores configúrase como o conxunto de servizos, actuacións e medidas de intervención dos poderes públicos destinados a paliar as situacións de desprotección e conflito social nas que poden atoparse as persoas menores de idade. A dita lei garante a participación de profesionais coas titulacións técnicas axeitadas na valoración e intervención en situacións de risco e desamparo, así como a persoa profesional de referencia para cada caso. Igualmente, no ámbito do conflito e reforma, na execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

No exercicio das súas funcións os profesionais empregados públicos do ámbito de protección e reforma elaboran informes sobre a situación socio familiar e a evolución das persoas menores que dan lugar a actuacións da entidade pública destinadas a paliar as situacións de desprotección e conflito social en que poidan atoparse as persoas menores de idade, ou no seu caso, dirixidas a informar ao xulgado e Ministerio Fiscal da evolución da persoa menor no cumprimento da medida xudicial imposta ao abeiro do establecido



na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro. Dada a transcendencia das súas actuacións na esfera da situación persoal dos menores e as súas familias, cómpre así mesmo preservar a súa identidade persoal, co fin de garantir que os mesmos poidan adoptar decisións no exercicio das súas funcións sen inxerencias.

O exposto, determina a necesidade da habilitación do referido persoal empregado público adscrito á Consellería de Política Social para o uso do dito certificado dixital de pseudónimo.

3. Tramitación

Polo que respecta á elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidos nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así, tras o acordo de inicio da tramitación da persoa titular da Consellería do 25 de abril de 2021, recibese na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do Anteproxecto da orde acompañado dos documentos necesarios para o inicio da tramitación.

O texto do Anteproxecto divídese, tras o título e a parte expositiva, tres artigos e unha única disposición derradeira.

Dado que o proxecto referirse a aspectos parciais e organizativos, no inicio da tramitación, non se someteu á consulta previa de conformidade co disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o servizo de apoio técnico-xurídico da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica, elaborou o seu informe con data 12 de maio de 2021 e obtivo a aprobación inicial pola persoa titular da Consellería e competente en materia de asistencia social o 12 de maio de 2021.

A necesidade da pronta aprobación e o carácter organizativo do proxecto determina a tramitación abreviada da publicación no portal de transparencia do 21 de maio de 2021 ao 31 de maio de 2021. No período indicado, non consta entrada de suxestións a través da dita canle.

Durante a tramitación da fase intermedia, o proxecto someteuse ao informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade que o emite de xeito favorable o 30 de maio de 2021 con recomendacións sobre o emprego da linguaxe normativa non sexista que foron aceptadas.

Dado o contido do proxecto, solicitouse o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que o emite en sentido favorable o 31 de maio de 2021.

Xustificado o alcance do seu impacto económico, o proxecto foi sometido ao informe da sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos que emite o seu informe favorable o 4 de xuño de 2021.

Finalizada a fase intermedia, na fase final solicítase o preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 15 de xuño de 2021. A Asesoría Xurídica pronúnciase de xeito favorable sobre o proxecto



normativo se ben puntualiza o cumprimento das directrices de técnica normativa e de xeito específico sobre a mención da persoa titular da consellería da que emana a disposición. Ao respecto, debe terse en conta que unha vez se aprobe a disposición polo órgano competente, na súa publicación no diario oficial constará a referencia expresa ao dito órgano entendendo así cumprida a referida identificación.

4. Legalidade

O proxecto resultante da tramitación elevarase así á aprobación da persoa titular da Consellería de Política Social.

De acordo co indicado considerase que este proxecto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite informase favorablemente o **Proxecto de Orde do ... de ... de 2021, pola que se habilitan determinados colectivos de persoal empregado público desta consellería para o uso do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega**, conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital do informe

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

